

## **BASES DO CONCURSO DE CURTAMETRAXES**

### ***“REDONDELA EN CURTO 2010”***

1. A participación no festival está aberta a calquera realizador ou realizadora maior de idade.
2. A duración mínima das obras presentadas deberá ser de 4 minutos (240 segundos) e a máxima non superará os 30 minutos.
3. Aceptaranse unicamente os xéneros de **ficción**, quedando excluídas as obras de carácter institucional, turístico ou publicitario.
4. As curtametraxes poderán ser rodadas en calquera sistema de vídeo ou cine. Para a participación no festival a curtametraxe deberá presentarse en **DVD**, e a proxección realizarase no mesmo formato.
5. Admitirase, como máximo, unha obra por autor ou autora. Esta deberá ser xerada con **posterioridade ao 1 de xaneiro do 2008**.
6. As obras deberán entregarse en **versión orixinal**, e aquelas nas que o seu idioma non sexa o galego ou o castelán deberán levar subtítulos en calquera destas dúas linguas.
7. Os nomes indicados na ficha deberán coincidir cos que aparecen nos títulos de crédito das obras.
8. Un xurado será o encargado de seleccionar os traballos que pasarán a concurso de entre todas as curtametraxes recibidas.
9. Os gañadores terán que estar presentes no acto de entrega dos premios, ben sexa o director ou calquera representante da curtametraxe. De non haber representante ningún do traballo premiado este quedará eliminado do concurso.
10. Quedará exenta toda película que non cumpra as bases.
11. O festival celebrarase en abril (en datas aínda por determinar), e os participantes deberán facer chegar as súas copias **antes do 8 de marzo de 2010**, incluíndo a seguinte documentación para a súa correcta **inscrición**:
  - Unha copia da obra en DVD con caixa e portada.
  - Tres fotografías de calidade da curtametraxe en formato dixital.
  - Unha fotografía en formato dixital de calidade do director ou directora.
  - Unha copia do DNI en formato dixital da persoa representante da curtametraxe.
  - Calquera outra información de interese (dosier de prensa, cartel, fichas, etc..).

12. Toda a documentación enviada (incluídas as cintas de vídeo e/ou DVD) pasarán a formar parte da videoteca do festival, propiedade da organización.
13. Os gastos derivados do envío do material correrán por conta dos participantes.
14. Aqueles traballos que non cumpran os requisitos mínimos de inscrición quedarán fóra do concurso.
15. O enderezo ao que deben remitirse os envíos é:

CONCELLO DE REDONDELA

Rúa Alfonso XII, núm. 2

36800 - Redondela (Pontevedra)

*Á atención de Eduardo Reguera (Concelleiro de Cultura)*